


COMPRENDENDO O AUTISMO




QUÉ É O AUTISMO?

O autismo non é unha enfermidade, non se cura con menciñas.




O autismo é un funcionamento diferente do cerebro.



É coma se o seu sistema operativo fora diferente. Coma se o cerebro da maioría da xente funcionara con WINDOWS 10 e o d@s nen@s con autismo con MS-DOS.


CANDO APARECE O AUTISMO?

As persoas non se fan autistas, senon que nacen con autismo, aínda que nos primeiros meses de vida non se nota ningunha diferenza.




POR QUÉ APARECE O AUTISMO?

Hai moitas causas que se sabe que poden provocar autismo, pero non se sabe ben porqué hai nenos que o desenrolan e nenos que non.



@S NEN@S CON AUTISMO SON DIFERENTES?


¡¡¡TODOS SOMOS DIFERENTES!!! POR FÓRA...




E TAMÉN POR DENTRO...




XENEROS@



ALEGRE



MALHUMORAD@



MENTIREIR@



ESTUDOS@




AGRESIV@





AGARIMOS@

E CADA PERSOA TEN GUSTOS DIFERENTES




E COUSAS QUE SE LLE DAN MELLOR E PEOR QUE A OUTROS



ÁS VECES, ALGUNHAS PERSOAS TEÑEN RASGOS
EN COMÚN, POR EXEMPLO:


RUBIOS




PEL CLARA

SARDA


QUÉ TEÑEN EN COMÚN @S NEN@S CON AUTISMO?



SON BOS COAS IMAXES, TANTO, QUE
MOITAS VECES CHÁMASELLES
PENSADORES VISUAIS.





DIN AS COUSAS QUE
REALMENTE PENSAN.



TEÑEN CLARO O QUE
QUEREN E TAMÉN O QUE
NON QUEREN




E QUÉ LLES RESULTA DIFÍCIL A@S NEN@S CON AUTISMO?



AS RELACIÓNS SOCIAIS:

- Facer amigos
- Xogos de equipos
- Entender as emocións
- Saber qué quere a xente
- Mirar aos ollos ás persoas coas que falan
- Comprender as normas sociais...

E QUÉ LLES RESULTA DIFÍCIL A@S NEN@S CON AUTISMO?




A COMUNICACIÓN:

- Comprender a linguaxe oral
- Expresarse con claridade
- Entender as bromas, as frases feitas, a ironía...
- Saber qué quere a xente...

E QUÉ LLES RESULTA DIFÍCIL A@S NEN@S CON AUTISMO?



Se chove non hai
recreo



OS CAMBIOS:

- Nos seus costumes
- Nas actividades cotiás
- Nas súas rutinas...



A mestra está
enferma e non
puido ir á escola




Celebramos un día
especial e as clases
cambian



Non funciona
internet


E QUÉ LLES RESULTA DIFÍCIL A@S NEN@S CON AUTISMO?




INTERPRETAR A INFORMACIÓN QUE CHEGA POLOS SENTIDOS:

- Poden notar os estímulos moi fortes
- Poden non notar os estímulos
- Pode que ás veces noten os estímulos moi fortes e ás veces non os noten

OS SENTIDOS NO AUTISMO



Un aloumiño pode doer




Unha imaxe pode deslumbrar



Un son pode parecer un estrondo




Poden gustar moito algúns cheiros e odiar outros




Algunhas comidas poden resultar insoportables.

POR ISO ÁS VECES...


- Precisan poñer orde na súa mente de diferentes maneiras. Cada un segundo os seus gustos.



Consultar a súa axenda



Manipular obxectos



Alonxarse da situación

E moitísimas formas máis que cada persoa con autismo busca para relaxarse y desconectar dun mundo que lle resulta difícil de entender.

CÓMO TE SENTIRÍAS TI...?

- Imaxina que de súpeto apareces nunha tribu do Amazonas.
- Non coñeces os seus costumes nin as súas normas.
- Non sabes qué vai pasar a continuación.
- Non sabes qué está ben nin qué está mal.
- Non entendes a súa linguaxe.
- Non te sabes comunicar con eles.
- Tes que camiñar sen zapatos, con roupa feita de follas, comer vermes e beber nas pozas de auga.
- Aprémiante para que caces, para que axudes á tribu, pero ti non sabes cómo e non entendes o que che explican.




Sen ir tan lonxe...

- Imaxina que che deixan só no centro de Berlín e tes que voltar a Galiza.
- Qué farías?
- Qué buscarías?
- Qué che axudaría?




QUÉ AXUDAS NECESITA UN NEN@ CON AUTISMO?




PENSA UN POUCO:

- Cando un problema de matemáticas non che sae de ningunha maneira, cómo cho explican?




AXÚDACHE...

Debuxar os datos do problema, ou manipular obxectos...




PENSA UN POUCO:





- Cando queres montar un lego, saber cómo funciona un xogo, facer a comida... qué che axuda?




AXÚDACHE...




- Ler as instruccións de montaxe, o manual de instruccións ou a receita (algo que está escrito e/ou debuxado).






PENSA UN POUCO:


- Cando saes a un centro comercial ou a un bar, e precisas ir ao baño, cómo sabes onde está e qué baño debes usar ?



AXÚDACHE...


- Fixarte nos carteis indicadores que hai nas portas ou en lugares próximos ao baño.






PENSA UN POUCO:


- Cando non sabes ir a un sitio e preguntas a alguén, qué fan para axudarche?




AXÚDACHE...





Un debuxo, un plano ou darche como referencia lugares que sí que coñeces para orientarte.






PENSA UN POUCO:

- Qué precisas para organizar o teu tempo e saber qué tes que facer cada día ou a cada momento?



PENSA UN POUCO:





- E se hai unha situación diferente ao que estás acostumado? Por exemplo, lévanche ao médico porque che teñen que facer probas, qué che axudaría?



AXÚDACHE...


Saber qué che van facer, en qué consiste, canto se tarda, cando vai rematar...



Recorda que a linguaxe oral non é unha das cousas que mellor manexan @s nen@s con autismo, así que @s nen@s con autismo precisarían como axuda extra a secuencia escrita ou con debuxos do que vai acontecer para poder comprender mellor a situación.

ENTÓN...QUÉ AXUDAS PRECISA UN NEN@ CON AUTISMO?

AS MESMAS QUE NALGÚN MOMENTO, TAMÉN PODES PRECISAR TI:

- Debuxos
 - Fotos
 - Esquemas
 - Planos
 - Indicacións
- AXUDAS VISUAIS
- 
- Explicacións que inclúan cousas que coñeza
 - Obxectos que poida manipular
 - Fixarte nas cousas que sabe facer ben
 - Ter en conta as cousas que lle resultan difíciles.

CÓMO MÁIS PODES AXUDAR A UN NEN@ CON AUTISMO?

- Poñéndote no seu lugar (intentando pensar cómo se sinte, qué lle pode estar pasando)
- Respetándoo como che gustaría que te respetaran a tí.
- Tratándoo coma un máis, pero tendo en conta que precisa máis axudas.
- Intentando incluílo nas actividades pero respetando se non quere facelo.
- Coñecéndoo e dándolle a oportunidade de que che mostre como é.



A nosa escola comezou o camiño.
Acompáñanos!

